

SUXESTIÓN DE AER A PROPOSTA DE PXOM – AGOSTO 2018

ESPAZOS LIBRES:

Respecto aos espazos libres indicados na documentación, cabe facer as seguintes suxestións:

- Obsérvase en distintas parroquias a non consideración de espazos libres, principalmente privados, que desenvolven na actualidade e dende hai anos unha función social e de esparexemento. Deberíase realizar unha identificación fina destes elementos revisando polo miúdo tódalas parroquias e incluílos tanto nos textos como na planimetría. A modo de exemplo indicar: torreiros de festa (p.e.: torreiro de festas da Gándara no Viso, Torreiro de festas de Saramagoso), miradoiros e áreas recreativas forestais (p.e.: miradoiro da peneda e miradoiro e área recreativa do Outeiro Grande, parque forestal de Cedeira-Trasmañó, parque forestal de Reboreda, parque forestal da chan das Pipas en Saxamonde, Parque Forestal do monte de Chapela, miradoiro de Cedeira sobre a Ría de Vigo), ...

EQUIPAMENTOS:

Respecto aos equipamentos indicados na documentación, cabe facer as seguintes suxestións:

- Obsérvase casos de non consideracións de certos equipamentos, principalmente privados, de diversa índole que desenvolven na actualidade e dende hai anos unha función socio cultural. Deberíase realizar unha identificación fina destes elementos revisando polo miúdo tódalas parroquias e incluílos tanto nos textos como na planimetría. A modo de exemplo indicar: centros culturais, palcos de festas,...
- Non se observa que se contemple na planimetría certos equipamentos e dotacións de interese tanto pola súa labor como polas implicacións a hora de definir o uso do solo. Proponse a súa inclusión:
 - o Estacións metereolóxicas oficiais (p.e.: a situada no Viso no monte Outeiro Grande)
 - o Depósitos e puntos de auga contra incendios, fundamentais para visualizar a rede de puntos de auga que sirvan para protexer tanto as masas forestais como as zonas habitadas.
 - o Hidrantes, fundamentais para visualizar a rede de puntos de auga que sirvan para protexer tanto as masas forestais como as zonas habitadas.
 - o Captacións, depósitos de auga potable e rede de subministro de auga das Comunidades de auga parroquiais. Estas infraestruturas existen e, igual que se identifica a rede pública, cabe contemplar as redes privadas comunitarias pola

importancia que teñen. Proponse facer unha ronda de contactos coas Comunidades de Auga de Redondela (reunión sectorial tal vez) para recoller esta información e plasmala na planimetría. Proponse do mesmo xeito solicitar a Augas de Galicia as coordenadas das captacións autorizadas segundo propietario, podéndose segregar desta información as pertencentes á comunidades de auga parroquiais.

- Na parroquia de Quintela enriba da zona do AVE hai planificado crear un centro cultural e unha pista de atletismo. Non se observa que apareza reflectida na documentación nin na planimetría. Proponse se reserve e cualifique neste senso esta superficie.
- Na parroquia de Negros enriba da zona do AVE hai planificado crear unha área recreativa. Non se observa que apareza reflectida na documentación nin na planimetría. Proponse se reserve e cualifique neste senso esta superficie.

MONTES E SUPERFICIE FORESTAL:

- Obsérvase en determinadas zonas a identificación das masas forestais non se corresponde coa realidade (rasos, arborados, etc), entendible seguramente polos diversos episodios de incendios en determinados montes do Concello que altera rapidamente a información cartográfica existente. Así, por exemplo, proponse incidir en:
 - o Identificar e resaltar as masas de frondosas caducifolias protectoras sobre as masas de piñeiros e eucaliptos produtivos. Estas masas existen en pequenas manchas por todo o territorio e teñen un valor excepcional que poderían precisar medidas de protección, consolidación e mesmo de ampliación, poderían ser zonas de paso de sendas ou roteiros na natureza, ademais de zonas a protexer da urbanización. Algunhas destas masas aparecen como rasos cando en realidade son masas de frondosas de pouca idade. A modo de exemplo indicar: masa de frondosas no lugar da Lomba no Viso, a Carballeira do Monte Espiño no Viso, ...
 - o Revisar as zonas arboradas mal identificadas, por exemplo liñas eléctricas de alta tensión que aparecen na planimetría como arborado cando realmente son rasos.
- Proponse que se inclúa a toponimia dos montes do concello de Redondela, tanto dos macizos como denominación xeral como denominacións das distintas zonas dentro de cada monte.
- Proponse a creación dun anel verde apoiado na Senda da Auga e ampliálo dende Reboreda, pasando por Ventosela ata O Viso e mesmo continuar ata CEantes. Dende Reboreda esta conexión pódese apoiar na Senda das Greas GR58, nas pistas forestais e camiños diversos, chegando ata o propio monte da Peneda. Deste xeito proponse configurar un anel verde onde se prevalecería, facilitaríase e potenciaríase a instalacións e consolidación dunha franxa de frondosas caducifolias (entre 15-20 metros a cada beira do sendeiro perimetral do concello) creando unha zona con valor

paisaxístico, valor medioambiental, precursora da biodiversidade e franxa pasiva de protección contra incendios forestais que proveñan de fora do concello.

- Na lexislación non se fai mención algunha a Lei 3/2007 de incendios de Galicia (e as sucesivas modificacións) que establecen unha serie de condicionantes de distancias a deixar na rede secundaria de defensa contra incendios forestais, que obrigaría a que as novas edificacións deben asegurarse unha distancia de 50 metros de xestión de biomasa ata o monte. Esta lexislación debería ser considerada na documentación pois hai diferentes artigos que condicionarán os condicionantes de cada tipo de solo, en concreto naquelas zonas onde se poida edificar a menos de 400 m do montes e ás redes secundarias que se deben considerar nas novas construcións sen menoscabo da superficie forestal.

LÍMITES ENTRE CONCELLOS:

- Existen diferentes zonas no concello en que os límites oficiais presentan diferencias importantes cos límites reais do concello, mesmo límites que se consideraron na planimetría oficial que non coincide na realidade cos “mojóns” ou marcos históricos entre concellos. As comunidade de montes de Redondela no Consello Forestal levan anos denunciando esta situación. Lugares onde se dá esta problemática serían: Parroquias de Vilar e Saxamonde co Concello de Mos, Parroquia de Vilar co Concello de Vigo, Parroquias de Quintela e Saxamonde co Concello de Pazos, Parroquia do Viso co Concello de Soutomaior. Proponse que se corrixa estas desviacións na planimetría adaptando ao linde reclamado pola veciñanza, o no seu caso, recoller tanto a liña oficial como a liña proposta en discrepancia. Proponse do mesmo xeito que se recolla na planimetría os marcos entre concellos antigos, tanto polo valor administrativo como polo valor patrimonial.

PROPOSTAS DE NOVOS ESPAZOS LIBRES CON FUNCIONALIDADES DIVERSAS:

- Obsérvase na documentación a creación de diversas áreas de actuación integral por todo o territorio con finalidade diversas: mellora da sección viaria, creación de zonas verdes e equipamentos, edificación,... Neste senso detéctanse diferentes zonas onde se debería reservar superficie para novos espazos libres, propondo as seguintes medidas:
 - Revisar as contornas dos centros sociais e culturais das parroquias para avaliar a reserva de terreo para un novo espazo libre. Existen numerosos centros culturais distribuídos nas parroquias nos que a presión urbanística pode levar a que queden “encaixados” no barrio. Estes poden ter a medio prazo a necesidade de expandirse no seu entorno con novas edificacións e sobre todo con zona verde e de uso social que permita realizar actividades socio-culturais ao aire libre (patios, xardíns, zona aberta para eventos, estacionamentos, ...). Proponse, naqueles edificios culturais que proceda, a reserva de espazo arredor que non destine á construción de vivendas e que se poda adquirir para novo espazo libre ligado ao centro cultural ou social.

- Obsérvase unha carencia de aparcadoiros disuasorios ou aparcadoiros de apoio a equipamentos. Tanto na Vila de Redondela, como en Chapela a necesidade de definir novos espazos para aparcadoiros é fundamental. Por outro lado, identifícanse diversos equipamentos culturais, deportivos ou educativos onde existe necesidade de dotar de zonas de aparcadoiro. Así pois propónse, por un lado, estudar as necesidades destes equipamentos en canto a necesidades de aparcadoiro actuais e futuras e avaliar e incluír na planificación zonas en Redondela, Chapela e Cesantes onde se poidan crear aparcadoiros disuasorios estratéxicos. A modo de exemplos de necesidades, entre outros, indicar:
 - Na parroquia de Cesantes a veciñanza ven reclamando aparcadoiro no entorno do CEIP Outeiro das Penas. Ademais obsérvase que é unha necesidade importante polas conxestións e dificultades de aparcadoiro nas entradas e saídas do alumnado día tras día.
 - En Cesantes outro punto crítico é a praia da Punta. Sobre todo na época estival o volume de vehículos é en demasía elevado. A presión destes sobre o propio litoral é excesivo e son múltiples os problemas de atascos e falta de aparcadoiro. Propónse crear zona de aparcadoiro disuasorio nas fincas cercanas a praia para conseguir dúas finalidades: que os usuarios do areal poidan aparcar de xeito ordenado e eliminar ou reducir o tránsito de vehículos da zona do paseo e da zona máis próxima ao borde litoral.
 - En diferentes parroquias do Concello obsérvase a necesidade de reservar espazo para aparcadoiro entorno a equipamentos e mesmo a veciñanza ven reclamando superficie de estacionamento. Son os casos da Antiga escola de Tuimil (Centro Cultural do Viso, o Centro Cultural de Cesantes ou en Tramañó. No Viso, trala cesión do campo de fútbol ao Concello, obsérvase a necesidade a medio prazo de aparcadoiro no entorno do que será o Campo de Fútbol Municipal de A Gándara.
 - Na Vila de Redondela vese necesario a creación de aparcadoiros disuasorios no seu entorno, podéndose considerar na zona de Vilavella onde a rotonda que deriva a O Porriño e Peinador. Tamén unha zona cunha cantidade moi elevada de equipamentos, A Marisma, onde se atopan colexios, institutos e múltiples dotacións deportivas, precisaría dunha zona próxima ampla de aparcadoiro. Iso si, sempre respectando a zona natural de marisma que aínda permanece intacta.
 - Na parroquia de Chapela vese necesario a creación de aparcadoiros disuasorios no seu entorno, tanto no entorno da Avda. de Redondela como no entorno da Avda. de Vigo.
 - No entorno do Museo Meirande vese necesario reservar espazo para estacionamento dos vehículos dos visitantes.

PATRIMONIO:

- Obsérvase necesario aumentar as referencias de toponimia na planimetría do PXOM, sobre todo no referido a microtoponimia, non centrándose unicamente aos nomes dos camiños se non tamén as denominacións tradicionais dos lugares.
- Obsérvase que se denomina Río Cabeiro ao Río Maceiras, nome do río que ven dende Cabeiro, Negros, Fortóns e chega a Redondela por Vilavella desembocando no Río Alvedosa.
- Obsérvase que se denomina “Río da Alvedosa” cando debera dicir Río Alvedosa.
- En Redondela existen unha serie de edificacións ligadas ás parroquias cun importante valor social e histórico, a maioría entorno aos 100 anos de antigüidade e habitualmente reconvertidos en centros culturais. Son as Sociedades de Agricultores. Proponse recoller estes edificios no catálogo de patrimonio e sinalalos na planimetría. A modo de exemplo indicar: Sociedade de Agricultores do Viso, Sociedade de Agricultores de Cesantes, Sociedade Labrego Cultural de Reboreda, Sociedade de Agricultores de Trasmañó, Sociedade Agraria de Chapela (actual mercado),...
- Proponse identificar na planimetría e documentacións as fontes e lavadoiros tradicionais existentes no concello, xa ben tirando do catálogo co que conte a administración local como da información que a veciñanza e asociacións das parroquias poidan proporcionar.

RÍOS E COSTAS:

- Proponse que ademais da protección sectorial establecida, reforzar con cualificación do solo que impida futuros desenvolvementos agresivos e limitativos do uso público, mesmo que posibilite a medio prazo a recuperación da naturalidade no entorno inmediato. Por exemplo no Río Maceiras na zona de Vilavella.

MOBILIDADE:

- Proponse que os viais, sobre todo os estruturante, deben conlevar unhas afeccións que permitan o desenvolvemento dunha mobilidade sostible (carrís bicis e peonís, ...), para o que o deseño circular pode facilitar moito a súa consecución.
- Proponse, a modo de exemplo entre outros posibles, a creación dunha vía mixta peonil e bicicletas que transcorra pegada ao Río Alvedosa dende a senda do Maceiras, pasando polos xulgados de Redondela ata a depuradora para enlazar coa futura Senda Costeira.
- Proponse eliminar a circulación da punta da praia e levaba aos novos viais interiores que se planifican crear e a zona do paseo convertela nunha grande zona verde (espazo libre). De cara aos residentes e servizos de emerxencia habilitaríase un vial de sentido único para facilitar o seu acceso, pero eliminaríase todo o aparcadoiro desprazando este a un aparcadoiro disuasorio nas fincas cercanas que teñan acceso directo dende o novo vial. Axúntase croquis da proposta.
- Proponse a eliminación do tráfico na zona da Marisma, e facer a zona peatonal, onde hai un elevado número de equipamentos educativos e deportivos, con gran afluencia


de nenos e nenas. Esta actuación estaría ligada directamente coa estratexia das Cidades Amigas da Infancia e ás peticións que ano tras ano fan chegar ó Concello ás ANPAS dos distintos centros educativos da zona (infantil, primaria e bacharelato). Paralelamente deberase dotar de aparcadoiros disuasorios ben comunicados no entorno, aproveitando o que xa se atopa na zona da EDAR e por detrás do IES Pedro Floriani.

- Proponse a creación ou adecuación de viais para dar continuidade a Senda da Auga dende Reboreda, pasando por Ventosela ata O Viso e Cesantes. Deste xeito configuraríase unha ruta circular que pasaría por tódalas parroquias perimetrais do concello. Dende Reboreda esta conexión pódese apoiar na Senda das Greas GR58, nas pistas forestais, chegando ata o propio monte da Peneda como Miradoiro atractivo nesta senda circular exterior. Esta ven sendo unha reclamación da veciñanza dende hai xa anos. Estes novos viais peonís deben ser respectuosos co medio no que se ubicarían.
- Proponse a creación ou adecuación de viais para conectar a Senda da Auga co centro urbano de Chapela baixando a través da finca da Xinaria. Estes novos viais peonís deben ser respectuosos co medio no que se ubicarían.
- Proponse que se estude en Chapela a construción dun novo vial para vehículos como alternativa ao tráfico pesado que circula pola Avda. de Vigo e vai cara as industrias que se atopan baixando a Rúa José Fernández López.
- Respecto as estradas nacionais existentes cabería recoller superficie para a mellora da seguridade viaria mediante a construción de diferentes infraestruturas, moitas delas moi demandadas pola veciñanza. A modo de exemplo indicar:
 - Construción de rotonda na estrada N-550 na parroquia de Cesantes, no lugar denominado “Murallón”, pasando o centro cultural desta parroquia.
 - Construción de rotonda na estrada N-550 na parroquia de Saxamonde, no lugar denominado “Alto dos Valos”.
 - Reserva de superficie no entorno da estrada N-555 para ampliar a sección e dotala de beirarrúas nos tramos que o precisen.
- No CEIP Outeiro das Penas de Cesantes proponse construír vía circular de entrada e saída de vehículos aproveitando as fincas adxacentes, conectando as dúas entradas deste equipamento.
- Sendas escolares. Observamos a necesidade de definir sendas escolares seguras que prioricen o desprazamento a pé seguro das cativas e cativos ata os centros escolares de referencia dende os diferentes puntos da parroquia/s. Estas pódense configurar mediante a recuperación e mellora de viais secundarios, dotación de beirarrúas e pasos de peóns elevados no traxecto destas sendas, mesmo mediante a recuperación de camiños tradicionais ou, de ser necesario, abrindo pequenos viais peonís que permitan salvar puntos conflictivos en canto seguridade viaria ou solventar determinados problemas de conectividades ao centro educativo de referencia.

EDAR

En diversos documentos indícase que na actualidade a EDAR de Redondela está situada no esteiro de Redondela está ao límite da súa saturación, así como o seu emprazamento non parece o mais indicado (vid. pax. 15 do documento 01.b Memoria de Ordenación, ou pax. 55 do documento nº 00.01 DIE). Non obstante non se propón un emprazamento distinto, nin se contempla a posibilidade de crear outra EDAR ou crear pequenas plantas de apoio distribuídas polo territorio, nin se contempla ningunha outra opción para “solucionar” a situación actual. Nos diversos documentos debe contemplarse como solucionar a saturación actual da EDAR, xa que dita saturación ou colapso vai acontecer no momento en que se proceda a realizar os proxectos de urbanización que xa están previstos nas normas e que se atopan no propio núcleo de Redondela ou nas súas proximidades, e que indicamos a continuación:

- Solo urbanizable asociado ao Pazo de Pousadouro (SUZ-R) no que se prevén 164 vivendas
- Solo urbanizable asociado ao Pazo de Petán (SUZ-R) no que se prevén 110 vivendas (vid. pax 65 do documento 1.b Memoria de Ordenación)



Superficie libre verde
con estrada semipeonil dun só sentido
sen aparcadoiros para acceso a
residentes.

acceso so residentes

tramo peatonal
acceso a praia
dende o
aparcadoiro
disuasorio

Aparcadoiro disuasorio

estrada principal circular